



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000024

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e un de xullo de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14.07.22 (ORDINARIA).

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e votos favorables dos asistentes á sesión do 14.07.22).

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/24.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/000080).

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/24 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 15 facturas ascende á cantidade de CENTO NOVENTA MIL SETECENTOS TRECE EUROS CON VIENTE E CÉNTIMOS (190.713,27 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/24 por importe bruto de 190.713,27 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde:
Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede, aprobando así as fras da relación F/2022/24.

3º.- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE REVISIÓN EXTRAORDINARIA DE PREZOS PRESENTADA POR EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A EN EXPEDIENTE 2021/C003/000006.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA referida a REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS NO CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS NO CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO (Expediente núm. 2021/C003/000006):

“Vista o escrito presentado por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en representación de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15352735, empresa adxudicataria do contrato de obras, mediante Resolución de Alcaldía Presidencia núm. 635/2021 do Proxecto Básico e de Execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño, polo que solicita a revisión do prezo do contrato.

Atendendo ao disposto na Cláusula Cuarta do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que determinan o réxime xurídico do referido contrato e o establecido nos artigos 103 a 105 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñeren ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Así as cousas, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 19 de xullo do 2022 para iniciar o expediente de aprobación, se procede, da revisión de prezos do contrato Proxecto Básico e de Execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño e a emisión dos oportunos informes económicos e xurídicos.

Visto o informe elaborado pola Secretaría e Intervención municipal (informe de Intervención nº EMP 69/2022) en data 20 de xullo de 2022 que literalmente conclúe que procede declarar a inadmisión da solicitude formulada con data 13/06/2022 (RE 202299900000873), relativa á revisión excepcional de prezos en virtude do RDL 3/2022 por ser a duración do contrato inferior a un ano

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Desestimar a solicitude de revisión do prezo do contrato formulada por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15352735, empresa adxudicataria do contrato de obras, mediante Resolución de Alcaldía Presidencia núm. 635/2021 do Proxecto Básico e de Execución das obras na fachada e carpinterías no Centro de Saúde do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Notificar ao interesado [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en representación de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15352735, con expresión dos recursos que procedan ao efecto.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede; desestimando a solicitude formulada por Eulogio Viñal Obras y Construcciones.

PARTE ACTIVIDADE

4.- DAR CONTA DE PRESENTACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN ANTE O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O XUSTO PREZO DE FINCA.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto de Alcaldía emitido co número 364/2022 en data 14.07.22, da seguinte dicción:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA

En data 14 de xuño de 2022 foi notificado Concello de Valdoviño o acordo adoptado polo pleno do Xurado de Expropiación de Galicia na súa sesión do 2 de xuño de 2022 sobre o xusto prezo da finca número 1 do proxecto 02101- Execución de planeamento: sistema xeral viario (Glorieta entre a estrada da Aldea á Lagoa e estrada á Praia), otorgando prazo para a presentación de recurso de reposición ou contencioso administrativo.

Considerando o documento técnico emitido en data 14 de xullo de 2022 que dispón:

“PRIMEIRA. - Tanto o expropiante como o Xurado basean a súa valoración no valor dos bens afectados en base ao método de comparación do conxunto do solo e edificación, polo que as alegacións formuladas ceñiranse ás diferentes partidas adoptadas nesta metodoloxía. En primeiro lugar, non podemos estar de acordo co coeficiente do 0,53 aplicado ao valor da construción de 629,77 €/m², que o Xurado aplica, pois o devandito coeficiente correspóndese cunha categoría construtiva media-alta, que non se corresponde coa construción obxecto de valoración, nin coa tipoloxía habitual dos anos 70 na zona. A aplicación deste coeficiente eleva de xeito inadecuado o valor do inmovible sen xustificación, pois quedou constatado una cualidade da construción media- baixa, como se pode observar coas fotografías que se xuntan no proxecto. A estes efectos, considérase axeitado o coeficiente de 0,3 que aplica o expropiante, axeitado, como se indicou, a unha calidade na construción media-baixa.

SEGUNDO.- Así mesmo, considérase procedente a aplicación dun coeficiente de depreciación por encontrarse o inmovible na situación de fóra de ordenación, circunstancia de

carácter obxectivo que sen dúbida inflúe no valor de comparación do ben, e que non pode deixar de terse en conta, pois o contrario conlevaría a sobrevaloración do inmovible por encima do seu valor de comparación, criterio que ha de observarse na metodoloxía a aplicar. Do mesmo xeito que o Xurado reconece que polo método de comparación o solo fóra das aliñacións alcanza un valor nulo, tamén ha de ter en conta o demérito que se produce nas edificacións e construcións que se encontran na situación fóra de ordenación ou afectadas por viais.

Seguindo este criterio, que sen dúbida reflicte a realidade do mercado inmobiliario, pois una edificación non alcanza o mesmo valor se se encontra en situación de fóra de ordenación como Organismo. se non, considérase axeitado aplicar sobre o valor da construción un coeficiente de 0,80 por este concepto, como se indicou no proxecto de expropiación aprobado.

Así, por tratarse dunha edificación afectada por situación especial de carácter extrínseco, como é a súa afección a viario e á expropiación, e a consecuente limitación que lle ven imposta pola normativa sectorial, e a derivada do propio planeamento, considérase procedente aplicar o coeficiente corrector previsto no RD 1020/1993, de 0,8, normativa que o propio Xurado aplica na súa valoración da construción. “

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: **RESOLVO**

PRIMEIRO: Presentar Recurso de reposición fronte o acordo adoptado en data 2 de xuño de 2022 polo Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia sobre o xusto prezo da finca número 1 do proxecto 02101- Execución de planeamento: sistema xeral viario (Glorieta entre a estrada da Aldea á Lagoa e estrada á Praia), polos motivos sinalados anteriormente no documento técnico de data 14 de xullo de 2022.

SEGUNDO: Dar conta de dito acordo á Xunta de Goberno Local, coma órgano que acordou a aprobación do expediente “Expropiación urbanística sistema de tasación conxunta do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento. Sistema xeral viario” na 1º sesión ordinaria que celebre.

Documento asinado dixitalmente polo Sr Alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do dito decreto e o seu contido.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

